



A Coruña, 28 de outubro de 2.022

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA Nº6 TEMP 2022-23

Equipos participantes: C.W.Pontevedra- C.W.Lugo.

Competición: Liga Galega Waterpolo Cadete mixta.

Data de celebración: 23/10/2022.

FEITOS

- O día 25 de outubro foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo asinados polos árbitros do encontro, no que se recolle:

"No primeiro tempo os xogadores nº 6, dos equipo local e visitante, son chamados polo colexiado N. Alén, por ter un xogo duro, advirtese os dous que cesen nesa actitude. No minuto 1'35" do segundo tempo expúlsase por agresión o xogador local nº6, Dº M. Fernández (nºlicencia 1023104) pola seguinte acción:

O seu equipo está en posesión do balón e o citado xogador en posición de boia; o equipo visitante recupera a posesión do balón e o citado xogador sae ó contraataque por diante do xogador visitante que o defendía (o balón está a 10 metros da portería contraria e os xogadores a 15), colócase de dorso e co defensor fronte a el, dá unha patada con clara intención de alcanzar o xogador visitante, non o consegue.

O finalizar o encontro dirxese á colexiada L.Dorado para pedir desculpas".

- O día 25 deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen presentar alegacións o interesado.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Que da redacción do informe apreciase sen dúbida que o xogador se ben no non chega a alcanzar ao xogador rival excedeuse na súa acción, o cal debe valorarse para a gradación da sanción.
- Os feitos como infracción leve (art. 6. I.1.b) a lixeira incorrección co público, compañeiros, subordinados e deportistas do equipo rival.
- Atenuante de arrepentimento espontáneo recollida no art. 11.a)

RESOLVE

- Sancionar a Dº M. Fernández con nºlicencia 1023104 xogador do C.W Pontevedra cat. cadete con un encontro de suspensión a cumprir nesta categoría (art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN